

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Promoción Económica, Emprego e Comercio

Convocatoria e bases de selección do proceso contratación de catro persoas mozas, como persoal laboral, ao abeiro subvención concedida pola consellería de emprego, da Xunta de Galicia (programa TR350E - garantía xuvenil - FSE+ 2021-2027

PRIMEIRO. Obxecto.

O obxecto desta convocatoria é establecer as bases e o procedemento de selección para a contratación laboral temporal de catro (4) persoas mozas, ao abeiro da Orde do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan para o ano 2025 subvencións para a contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) Galicia 2021-2027 (código de procedemento TR350E).

As persoas contratadas realizarán servizos de interese xeral ou social de carácter non permanente, orientados á adquisición de experiencia e práctica profesional que facilite a súa inserción no mercado laboral (art. 1 e 6 da Orde TR350E).

Os postos de traballo a cubrir son os seguintes:

Nº Traballadores/as	CNO 2421	Duración (meses)	Xornada (%)
4	Biólogos/as, botánicos/as, zoológos/as e afíns	9 meses	100%

1.1 Contratación.

O Concello de Santiago de Compostela formalizará, por escrito no modelo oficial correspondente, os contratos das persoas mozas que fosen seleccionadas e consten como tales nas actas da Comisión de Selección.

- A modalidade contractual será CONTRATO DE TRABAJO TEMPORAL coas cláusulas específicas de Contratos de traballo temporal vinculado a programas financiados con fondos europeos – código 406 – interese social (tempo completo); a xornada completa e cunha duración de 9 meses.
- Retribucións brutas mensuais incluída pro rata de pagas extras: **2.262,99 €**

As persoas mozas traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa.

1.2 Funcións.

As tarefas asignadas non substitúen postos de carácter estrutural, senón que se enmarcan en actividades ou servizos de interese xeral ou social de carácter non permanente, tales como campañas, talleres, eventos ou tarefas documentais vinculadas a programas con duración definida, estando ademais supervisadas por persoal do concello e orientadas a facilitar a adquisición de experiencia e formación práctica por parte das persoas contratadas, a saber:

- o Colaboración temporal na organización de actividades de Educación ambiental e social: Proxecto Ecobosque.
- o Apoio puntual na realización de actividades de protección do medio ambiente e mantemento de espazos públicos.
- o Revisión documental ou tarefas auxiliares de control de calidade administrativa dentro de programas concretos.
- o Participación en campañas informativas ou eventos municipais puntuais.

SEGUNDA. Requisitos xerais das persoas aspirantes

Segundo o artigo 29.2 da Orde do 13 de agosto de 2025, ut supra referenciada, “As persoas mozas traballadoras que sexan contratadas para a realización dos servizos polos que se outorgue a subvención deberán cumprir, en todo caso, os requisitos seguintes no momento da selección e da formalización do contrato de traballo:

- Ter feitos os 18 anos e non superar os vintenove (29) anos (idade máxima que establece a normativa vixente do Sistema nacional de garantía xuvenil vixente do Sistema nacional de garantía xuvenil, de conformidade co artigo 97.c) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

- Ser desempregadas e inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Estar inscritas como beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Cumprir os requisitos de non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior ao momento de recibir a actuación, en coherencia co disposto no artigo 105.1 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, modificada polo Real decreto lei 6/2016, do 23 de decembro, e polo Real decreto lei 8/2019, do 8 de marzo.
- Ser convocado/a polo Servizo Público de Emprego de Galicia: figurar na sondaxe remitida pola Oficina de Emprego de Santiago, correspondente á oferta pública de emprego presentada polo Concello, na categoría profesional á que se pretende optar e cos requisitos específicos requiridos.

Todos os requisitos deberán posuílos os/as aspirantes tanto no momento da selección como no da formalización do contrato como persoal laboral temporal do Concello de Santiago.

TERCEIRA. Preselección de aspirantes.

De conformidade co artigo 29 da Orde 13/08/2025 de referencia, para a selección das aspirantes o Concello de Santiago contactará coa Oficina de Emprego asignada e presentará a correspondente oferta de emprego, a partir da publicación desta convocatoria e bases no BOP. Solicitando unha relación de persoas candidatas segundo os requisitos de perfil profesional precisos para os postos da presente convocatoria.

A selección definitiva das persoas traballadoras realizarase de entre as persoas candidatas que sexan remitidas por dito organismo, non sendo admitida ningunha candidata que non sexa preseleccionada e convocada polo Servizo Público de Emprego.

Unha vez recibida a relación de candidatas, o Concello de Santiago contactará coas ditas candidatas aos efectos de verificar o seu interese en participar no programa.

CUARTA. Publicidade.

1. Unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia, as bases do proceso de selección estarán a disposición das persoas interesadas na páxina web municipal (www.axencialocaldecolocacion.org)
2. Os anuncios do procedemento de selección publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web da Axencia Local de Colocación do Concello.

QUINTA. Contido e desenvolvemento do proceso selectivo.

O proceso de selección das persoas candidatas, unha vez remitidas pola Oficina de Emprego, realizarase mediante o desenvolvemento das seguintes fases:

- a) Primeira fase: entrevista persoal (máximo 5 puntos).

Consistirá na realización dunha entrevista persoal das candidatas aos efectos de valorar a súa predisposición (actitude, motivación) para o desenvolvemento do posto de traballo que se lle oferta, as competencias (aptitude, capacitación) para o dito desenvolvemento, así como a empregabilidade das persoas preseleccionadas pola Oficina de Emprego. A tal efecto o Tribunal fará unha serie de preguntas para valorar a dita predisposición e as competencias que se consideran necesarias para acceder ao posto, sendo dous puntos e medio (2,5) a puntuación mínima para pasar á fase de baremación das circunstancias formativas. A puntuación máxima da entrevista persoal será de 5 puntos.

Ítems a valorar	Puntuación máxima
Predisposición: actitude e motivación	2
Competencias: aptitude e capacitación para o posto	2
Empregabilidade	1

As cualificacións desta fase de entrevista adoptaranse sumando as puntuacións outorgadas por cada membro do Tribunal a cada aspirante e dividíndoas polo número total de membros do Tribunal, sendo o cociente resultante a puntuación que obteña o aspirante na entrevista.

b) Segunda fase: valoración de criterios formativos.

1. Dado o programa vai dirixido á adquisición de experiencia e práctica profesional de persoas mozas, que facilite a súa inserción no mercado laboral, nesta segunda fase farase unha valoración dos criterios formativos das persoas candidatas.

2. Os criterios valorables serán os seguintes:

2.1. Criterios sociais a ter en conta (ata 8 puntos)

Baremo de méritos – máximo 8 puntos	Puntos
1. Outras titulacións . Máster / posgrao específico → 2 puntos Outras titulacións de especializacións dentro da área → 1 punto	(Máximo 3,00 puntos)
2. Formación complementaria. Cursos de especialización, formación continua, en materias relacionadas coas funcións do posto convocado. · Cursos de 20 a 49 horas0,10 puntos (ata un máximo de 1,00 punto) · Cursos de 50 a 99 horas0,20 puntos (ata un máximo de 1,00 punto) · Cursos de 100 a 500 horas0,30 puntos (ata un máximo de 1,00 punto) · Cursos a partir de 500 horas0,50 puntos (ata un máximo de 1,00 punto) Acreditaranse mediante documento xustificativo da formación cursada (certificación, diploma ou título acreditativo). Só se valorará a formación convocada, impartida ou homologada polas Administracións Públicas, Universidades, Colexios profesionais, Organizacións sindicais e Cámaras de Comercio. Non se valorarán os cursos nos que non se especifiquen as horas de duración ou número de créditos. Cando o documento xustificativo especifique a duración en créditos, salvo que certifique outra cousa, entenderase que 1 crédito equivale a 10 horas e 1 crédito ECTS equivale a 25 horas.	(Máximo 4,00 puntos)
3. Celga 4 ou equivalente → 1 punto.	(Máximo 1,00 puntos)

3. As persoas preseleccionadas pola Oficina de emprego e interesadas en participar na presente convocatoria, deberán presentar a instancia de solicitude e de méritos alegados, conforme ao modelo que figura no Anexo 1. Debendo ir acompañada da documentación necesaria para acreditar os criterios formativos. A súa presentación poderá realizarse directamente na Axencia Local de Colocación do Concello de Santiago de Compostela, en horario de 9:00 a 14:00 horas.

SEXTA. Tribunal Cualificador.

1. O Tribunal encargado da selección estará integrado por cinco (5) membros, coa seguinte composición:

- Presidente/a.
- Secretario/a.
- Tres vogais.

2. A composición nominal dos membros do Tribunal axustarase ao disposto no artigo 60 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/20215, de 30 de outubro, e aprobarase por Resolución do Concelleiro de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, con publicación na páxina web da Axencia Local de Colocación.

3 O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros.

4. Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo con sinalado no artigo 24 da citada norma.

5. O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do proceso de selección en todo o que non estea previsto nestas bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SÉTIMA. Cualificacións e proposta do Tribunal.

1. Finalizada a fase de entrevista e a valoración dos criterios formativos, o Tribunal fará pública a relación provisional de aspirantes que superaron o proceso selectivo, coa cualificación acadada por cada un deles/as.

2. As persoas candidatas disporán dun prazo de dous (2) días hábiles onde as persoas que así o consideren poderán formular as reclamacións oportunas. Transcorridos eses dous (2) días hábiles, procederase a elevar a definitivo a dita listaxe e publicar a acta final de selección.

3. A cualificación final será a resultante da suma das puntuacións obtidas na entrevista persoal e na valoración dos criterios formativos. No caso de producirse un empate entre candidatos/as, dirimirase conforme a: 1º. Maior puntuación nos criterios formativos. 2º. Maior puntuación na entrevista. No caso de persistir o empate resolverase mediante unha proba a decidir polo Tribunal.

4. O Tribunal elevará ao Concelleiro de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local esta relación propoñendo a contratación das candidatas que obtiveran a maior puntuación final.

6. Aquelas persoas seleccionadas que non se presenten o día no que sexan convocadas para a sinatura do contrato, agás nos casos de forza maior, non poderán ser contratadas. Neste caso, formularase proposta adicional a favor da persoa candidata que lle siga na orde de puntuación.

7. Coas persoas aspirantes que superasen o proceso pero non resultasen seleccionadas, se as houbera, determinadas por orde descendente de puntuación, serán propostas polo Tribunal, elevando proposta para formar unha listaxe de reserva para cubrir posibles renuncias, baixas, vacantes temporais ou circunstancias sobrevidas do persoal durante o desenvolvemento do plan.

OITAVA. Incompatibilidades.

O réxime de incompatibilidades será o previsto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas e no seu Regulamento de desenvolvemento.

NOVENA. Carácter vinculante das bases.

As bases desta convocatoria vinculan á administración municipal, ao Tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso selectivo.

DÉCIMA. Incidencias.

O Tribunal cualificador queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presenta a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DÉCIMO PRIMEIRA. Réxime xurídico.

O proceso selectivo regularase polo disposto nestas bases e no non previsto nelas de acordo co establecido na lexislación vixente de aplicación. As bases xerais da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A Administración local tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei.

En Santiago a 4 de decembro de 2025

Asdo. Manuel César Vila

Concelleiro delegado de Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da administración local

ANEXO 1

INSTANCIA DE PRESENTACIÓN DE MÉRITOS

PROGRAMA MUNICIPAL DE CONTRATACIÓN TEMPORAL PARA O FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA 2025

NOME			
APELIDOS			
DNI		DATA DE NACEMENTO	
ENDEREZO			
TELÉFONO		EMAIL	

DECLARO

- Reunir os requisitos sinalados nas Bases Reguladoras do proceso de selección para a contratación de persoas ao abeiro do programa municipal para a contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) Galicia 2021-2027 (código de procedemento TR350E).
- Non estar separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparme en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionaria do que estivese separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparme inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no meu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas determinadas pola lexislación vixente.

Así mesmo,

AUTORIZA á Administración actuante para que proceda ao tratamento dos seus datos persoais para o desenvolvemento do proceso selectivo, á solicitude ao SEPE do certificado de situación de desemprego e á condición de persoa inscrita no rexistro de garantía xuvenil.

Santiago de Compostela, _____ de _____ de 2025

Asdo. (sinatura)

Sra. Alcaldesa do Concello de Santiago de Compostela

2025/8169